

VIEIROS

Cartafol

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Manuel Lourenzo: Nocturnos

Serenatas de amor, odio e loucura

Nocturnos

Manuel Lourenzo

Laiovento, Santiago, 2005. 134 páxs., 8 ◆

Coma unha serenata de carácter sentimental, estes nocturnos dramáticos de Manuel Lourenzo están construídos sobre un pentagrama que explora no máis íntimo das personaxes, situándoas en contextos alleos ao que coñecemos como realidade. As tres pezas que a editorial Laiovento recolle nesta edición rezuman ese doce lirismo da escrita, abundantes referencias interculturais e a expresión dos sentimentos humanos de modo protagónico, factores eminentemente destacables na obra do escritor do Valadouro.

- 20:59 05/06/2005

Xoana é un dos máis representativos e coñecidos textos da traxectoria do dramaturgo. Escrita no ano 1985 baixo o encargo da actriz Dorotea Bárcena e publicada seis anos máis tarde nos cadernos da EDG, esta peza abandeira a liña do que a crítica vén coñecendo como o teatro histórico do autor. Aquí a protagonista é a raíña Xoana a Tola, unha desas "mulleres apaixonadas" das que nalgunha ocasión falou o propio Lourenzo e a través das cales se pretende debuxar a marxinação destas mulleres nunha sociedade patriarcal. O protagonismo da figura e da voz feminina na escena lourenzá, porén, non se estrea con esta obra, xa que o propio autor entregou ao prelo no ano 1982 *A noite dourada de Mimi de Cora* (peza que non podemos deixar de ler sen lembrármonos da obra de Genet *As criadas*). Aínda máis, catro anos antes, o autor de *Magnetismo* dirixiu un espectáculo titulado *Muller de mulleres*, primeira montaxe profesional da EDG, elaborada a partir de fragmentos do *Teatro de máscaras* de Otero Pedrayo e de varios textos de Álvaro Cunqueiro dos cales se entresacaron as varias personaxes femininas que serían interpretadas pola actriz Luísa Merelas nun interesante monólogo feminino e plural.

Desta primeira peza queremos destacar a grande poeticidade da escrita, as reminiscencias ás cantigas de amigo nos cantos de Xoana e a descrición da Corte castelá como un terreo árido do desterro ◆ comparada antagónicamente coa luz, o ouro e a seda de Flandres◆. Sería interesante, ao noso ver, a incorporación da escena inicial, presente no espectáculo pero non na primeira edición nin nesta segunda debido á imprescindibilidade dende o punto de vista estrutural, como se indica na inicial "nota do autor".

A segunda peza, inédita ata o momento, leva por título *A lúa pon o ovo en Verona*. Se con *Elia en ardencia*, Roberto Salgueiro lía dende unha ollada cómica os amores de Romeo e Xulieta, neste caso,

Manuel Lourenzo achégase a estes famosos amantes baixo unha expresión de conflitos entre dúas familias: os Capuletos e os Montescos, representadas nos personaxes de Rossano (amor da infancia) e Romeu (amor adulto), respectivamente. A loita entre os dous polo corazón de Xulieta provocará unha pelexa entre ambos na cal caerá levemente ferido o curmán capuleto (Rossano), feito do que devén o exilio de Romeu da cidade. Ante isto e a negativa de casar co seu curmán, Xulieta tomará a decisión de beber unha apócema que a deixará coma morta, nun estado que daría lugar ao seu enterro en vida ata que volvese Romeu secretamente a rescatala. Mais o anticipo deste producirá o trágico final do verdadeiro suicidio dos dous amantes na cripta mortal. Novo epitafio de amor e morte.

Finalmente, a incorporación de *Aquela historia de Bly* amosa unha das necesidades imperiosas aínda hoxe no teatro galego (a publicación de textos inéditos, malia seren estreados hai tempo ♦coma este, no ano 87♦ pero que permanecen longo tempo na gaveta do seu autor), tarefas das que se veñen ocupando, coas súas importantes iniciativas, persoas ás que o teatro e a cultura galega sempre lles deberá o alento. Debemos honrar, neste caso, a preocupación de Francisco Pillado e do oco de honra que o teatro ocupou dende sempre na editorial que dirixe: Laiovento.

Este último texto, "citación irónica do romance de Henry James *The Turn of the Screw* ou, máis exactamente, do filme de Jack Clayton *The innocents*", está protagonizado por catro personaxes que se dan cita na rodaxe dunha película, na mesma casa onde aconteceran os terribles sucesos da infancia de Ros e Sara (dous dos actores dese filme que dirixe Simón). As tensións primeiras entre Sara e Ros con respecto a Simón e Lidia (a actriz protagonista), darán paso a unha dupla personalidade dos primeiros, provocada por un trauma revivido nesa mesma casa e polo que se verán convertidos nos personaxes do propio libro de Henry James que, por outra banda, teñen perfectamente memorizado. Malia que Simón e Lidia lles levan o xogo durante un tempo, a febleza mental acabará gañando terreo, non sendo quen de soportar o finximento. Isto levará ao asasinato de Lidia, á que verán como aquela mestra da infancia que lles roubaba o cariño do tío.

Con este interesante xogo de identidades, premonitorio nas consideracións das parellas do filme de Simón *O gato de Ludmila* e coas destacables referencias interartísticas pónselle fin a esta peza de melodía doce que é *Nocturnos*.

[mércao en Andel](#)